

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 2 CINTA 1



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0001_002_en_0_09_44_id492_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0001_002_en_0_09_44_id492.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o segundo corte dos que se divide a primeira das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña. A entrevista trata sobre o método de pesca coas artes do cerco e o boliche (postas) e o sistema de reparto.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas que elegimos presentar na rede cortadas para optimizar o traballo de busca.

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 21 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR (ES):** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia



NOTAS DA TRANSCRICIÓN

As partes do texto onde aparecen puntos suspensivos “...” no medio da conversas correspóndense con partes inintelixibles ou cortadas no audio e polo tanto non se poden transcribir.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

Transcrición realizada por Xosé C. Villaverde e revisada por el mesmo no ano 2019.

PALABRAS CHAVE

pesca, artes de pesca, cerco, boliche, pistón, procesos de pesca, xávega, cobros, pagos, reparto, quiñón

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 2 DA CINTA 1

R: Despois tes o cerco. O cerco é esto. É un cuadrado, solo que leva uns calóns, o que lle chamamos os calóns, aquí para arrastralo. Este é o plomo e este o corcho ¿non? e despois ven un cabo por aquí e outro por alí e vai a embarcación que está aquí e cerran e cerran o cerco. Solo que non ten debaixo os calóns para acompañar o cerre de aquí ¿non? E van metendo por alí na embarcación, así polo plomo e van acosando o peixe hasta gholo. Aquí ten o que lle chamamos a enxaghua onde se acumula o peixe alí. Vaise metendo primeiro na embarcación, e aquí neste lado que lle chamamos a enxaghua, é unha rede máis chouza e máis dura, porque é onde acumulamos todo o peixe que ten o aparello, acumulámolo naquela zona que é a enxagua. Moitas veces dicimos “xa reventou a enxaghua” e resulta que alá vai o peixe todo. E colles tamén cos salabardos. A base de salabardos tamén. E este aparello, viñeron os asturianos con el.

P. ¿Co cerco?

R. Co cerco, co cerco, pero viñeron solamentes co cebo.

P: Co cebo para enghadar o...

R: O cebo é a raba. Chamábase o nome de raba porque era o cebo porque é donde se engada o peixe. ¿non?. A embarcación, vamos supoñer viña a embarcación. Viña a embarcación poñía a cala,

P. ¿A cala?

R. A cala era a enghadar. Primeiramente usté non mira nada pero enghádase. Tes unha boia, unha baliza de colcho con cordeles e estás aguantando e engadando. Hai veces que o peixe vai na superficie e xa miras donde vai o peixe ¿non?, como dicíamos moitas veces, “vai un xarabaldo alí”

P. Xarabal

R. Xarbaldo si. Pero hai veces que hai mal tempo ou moito vento, ou pouco vento ¿non?. E o peixe anda aboiado entón engadas primeiro, non miras nada, pero dalí a media hora máis ou menos, xa empezas a mirar unhas gurgullas como cando ferve, é coma nunha tarteira, é una a gurgullada que lle chamamos ghurgullada, e entón solta o peixe globas pequeniñas como a ferver.

P: A ghurgullada se sabe que está o peixe alí ¿non?

R: Entón se sabe que o peixe acude. Que está máis profundo aínda, ven acudindo e despois ponse na superficie de todo, cando está comendo tranquilamente....

P: Si a medida que se enghada eles veñen arriba a buscar...

R: Veñen a comer, a comer claro a eles non hai que lle moleste aínda, están comendo tranquilamente pero chega un momento que o peixe anda un pouco arisco.

P: Asustado, medio abalado, ¿non?

R: Porque a sardiña é moi abalada, dá un home un paso a bordo da embarcación cun pé e xa o sinte o peixe. Entónces a coller agora o explosivo que era o pistón. Entón o peixe ó botaller o pistón resíntese pero si acaso tres ou catro pistóns xa non marcha, xa está comendo tranquilo, xa parecenos a nós que está confiado. Pero despois ven o cerco, está o peixe aquí, enghadado a comer no cebo este fai un cerco onde el, e esta é a embarcación e o peixe está aquí, hai uns cabos, os aparellos teñen unhas arghollas, por quí, e por medio desas arghollas vai un cabo que é o que lle chamamos a *jareta* e ven e faise o cierre de abaixo e queda o colcho solo aboiado. Faise un copo así.

P: ¿Vai facendo polo plomo, pola plomada toda? ó tirar pola *jareta* vai facendo...

R: Leva unhas anillas e vai cerrando. Se acaso tamén se vai o peixe. Moitas veces depende das corrientes.

P: Das aguacións todas, si.

R: Das corrientes porque... larga aquí, pero deixoulle a rede mal, deixoulle a rede ó contrario, e na rede ven acosando o peixe, entón métese o peixe por aquí. Pero cando vai a corrente a favor co peixe, ou por cousas de que hai moito vento e non pode deixar a corrente co vento, porque o vento vai dunha maneira e a corrente vai de outra. E si larga ó son do peixe pero vai a corrente favorable...

P: Vaille o aparello enriba.

R: E aboca todo

P: Ten que ir como mínimo en contra da aghuación non?

R: Despois hai o boliche. O boliche é como estes que andan á lura.

P: Si, que andan á lura.

P: É das poucas artes que se conservan, o boliche, non?

R: O boliche é un tipo de arte agora que un traballaba en postas que lle chamaban ghávedas que é o nome en vasco, aquí os gallegos puxémolle o nome da arte, pero o propio nome da arte, que ven nos libros é ghávedas, traballar en postas.

P: E o mesmo que o boliche que se traballa no barco é unha cousa parecida.

R: E o mesmo. O boliche traballa aquí, alí, traballa en postas, e arte, non pode traballar máis ca en posta.

P: En posta que se fai un acuerdo antes, entre todos os mariñeiros para escoller a...

R: Hai uns individuos que van á parte. A mitá lévaa o capitán e a mitá lévaa a xente. Esos son os tratos que había. E deses, os individuos que si non teñen a obrigación de tender as redes, de estar alí pa largar as redes, cando lles toca o turno para... e tendelas. E ir vender o pescado. Para vender o pescado, a eses que van a vender o pescado teñen un quiñón especial. O peixe de comer e mais o changüí. E claro, este tipo que se formou aquí de antes, despois de que marcharan os cataláns de aquí, aquí fixo... había roubos tremendos.

P: ¿Roubos, entre a xente mesma?

R: A xente mesma. Viñan a traballar gratis, entón pedían traballo, botabanlle man ó cabo. Usté diría, eu era o amo da arte do aparello, e estaban halando polo cabo pa terra... e viñan de coller un estrobo e enghanchaban ? aí. e non lle pedían permiso a nadie, solo o encargado do aparello, ou o patrón. Tiñan que ter cuidado de quen lle vai a traballar, non viñan a decir ¿Podo traballar? ou ¿non podo traballar?. E despois viñan as confusións no reparto. Porque despois exigentes... Traíanse no mesmo salabardo que se usaba para botar o peixe a bordo das enviadas, usabase para traer o peixe á terra para eses mariñeiros, e claro, non contaba a todos.

P: ¿E despois traballaban todos?



R: E todo mundo quería comer.E claro ó non chegar. Pois eh! formábanna un.... e uns levaban todo, e outros non levaban nada

P: E había líos así sempre...

R: Muitas veces hubo puñaladas jeh!

P: Puñaladas e pelexadas gordas por culpa de repartir o....

R: E un viña de primeiro e outro viña cando estaba a terminar.

P: Que listos son.

R: Porque o reparto era a última hora (risas) habia veces que... era o traballo que tiña máis duro o oficio ó chegar o momento de repartir, eran cincuenta e cen homes algunhas veces. Para compensarlle eso...

P: ¿E cando acababa Usté nunha posta viñan outros con outro aparello ou xa non?

R: Si habia dúas postas e habia, se acaso catro embarcacións iban por número. Usté hoxe largaba de primeiro e mañan tocalle de segundo, si quería gardar o lance para mañán. Si non quería gardar o lance e uste quería estar a traballar por aí, porque había peixe. Ese bueno, pois para o segundo tamén había peixe largaban o mesmo Pero así como iban os que estaban detrás... botando adiante ¿non? Ahora non traballaba o primeiro, non quería largar, ninguén lle roubaba ó primeiro pero como largara a rede, pasaba a último e si largaba outro pasaba ó penultimo.

P: Si, si iban turnando, rotando. E que largaban sempre coa marea arriba non? Era igual, marea arriba, marea abaixo.

R: Solo tiña unha variación, cando usté largaba co pleamar tiña que alisar a rede de... porque agora mesmo usté largaba no Real sabe onde está o muelle da embarcación, no Real, onde estaba o muelle de embarque, o muelle de madeira. Bueno alí, cando baixaba o mar... e largaban nunha zona aí, ó lado dunha zona...Pero cando no Real estaba baixamar, tiña uste que cambiar toda a rede, polo mar, porque sinón vai a rede coa corrente po sitio contrario, porque sinón non pesca. Sempre traballando con corrente a favor.

P: Pasa igual que as aguacións do boliche ¿non?

R: Si. Porque é un aparello volante como sabes é un puente, o Boliche que ven arrastando hasta orillamar hasta,